



BASES REGULADORAS PARA A PARTICIPACIÓN NOS ITINERARIOS FORMATIVOS DO PROXECTO MINERVA PREVISTOS NO PROGRAMA DE EMPREGO, EDUCACIÓN, FORMACIÓN E ECONOMÍA SOCIAL, FONDO EUROPEO PLUS 2021-2027 (EFESO FSE+)

O proxecto MINERVA (cofinanciado mediante o Programa de Emprego, Educación, Formación e Economía Social do Fondo Social, do Fondo Social Europeo Plus (FSE+), do período de Programación 2021 –2027). ten como finalidade contribuir a mellorar a empregabilidade e a formación para o emprego a través de itinerarios de inserción laboral, que permitan conseguir o obxectivo de mellorar o acceso ao emprego e o desenvolvemento de medidas de activación das persoas demandantes de emprego; con especial atención a colectivos vulnerables como persoas desempregadas de longa duración, maiores de 45 anos, persoas con discapacidade e colectivos afastados do mercado laboral entre outros, os sinalados na normativa reguladora do programa EFESO.

De acordo co previsto no artigo 17 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establécense as seguintes Bases Reguladoras para a selección das persoas candidatas:

Primeira. Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto regular o acceso das persoas ao catálogo de itinerarios formativos contemplados no proxecto MINERVA, conforme os principios de publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación das persoas solicitantes, coa finalidade de contribuir á súa integración no mercado laboral.

Segunda. Itinerarios formativos.

A continuación detállanse os itinerarios aos que as persoas interesadas poderán optar:

Código itinerario	Denominación da especialidade	Horas formación específica	Horas prácticas	Horas formación transversal	Horas formación complementaria	Total horas	Nivel de cualificación
E001	INTELIXENCIA ARTIFICIAL APLICADA Á EMPRESA	250	50	9	5	324	1
E002	DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS MÓBILES CON ANDROID	150	30	9	5	204	3
E003	MACHINE LEARNING E INTELIXENCIA ARTIFICIAL	200	40	9	5	264	3
E004	REALIDADE AUMENTADA, VIRTUAL E MIXTA EN ENTORNOS 4.0	100	20	9	5	144	3



E005	MACHINE LEARNING APLICADO USANDO PYTHON	150	30	9	5	204	3
E006	DESENVOLVEMENTO WEB PARA COMERCIO ELECTRÓNICO	150	30	9	5	204	3
E007	XESTOR DE REDES	210	42	9	5	276	3
E008	APLICACIÓN DE ORACLE PARA DATAMINING E BIG DATA	150	30	9	5	204	3
E009	XESTOR DE PROXECTOS (MS PROJECT)	150	30	9	5	204	3
E010	INTRODUCCIÓN AO BIG DATA E BUSINESS INTELLIGENCE	200	40	9	5	264	3
E011	PROGRAMACIÓN EN JAVA	210	42	9	5	276	3
E012	CREACIÓN, PROGRAMACIÓN E DISEÑO DE PÁXINAS WEB CON HTML5 E CSS3	210	42	9	5	276	3
E013	CREACIÓN, PROGRAMACIÓN E DISEÑO DE PÁXINAS WEB CON HTML5 E CSS3 (2ª ed)	210	42	9	5	276	3
E014	DESENVOLVEMENTO DE APLICACIONES BASEADAS EN DEEP LEARNING USANDO TENSORFLOW/KERAS	150	30	9	5	204	3
E015	DESEÑO WEB CON DREAMWEAVER Y FLASH	100	20	9	5	144	3
E016	WORDPRESS NO SECTOR DE PUBLICIDADE	120	24	9	5	168	3
E017	TECNOLOXÍAS GRÁFICAS PARA A XERACIÓN DE VIDEOXOGOS	180	36	9	5	240	3
E018	MODELADO 3D E INFOGRAFÍA CON BLENDER	150	30	9	5	204	3
E019	CIENCIA DE DATOS NUN ENTORNO 4.0	132	26	9	5	182	3
E020	PROGRAMACIÓN PARA VIDEOXOGOS EN UNITY	300	60	9	5	384	3
E021	DESENVOLVEMENTO DE VIDEOXOGOS E REALIDADE VIRTUAL CON UNITY 3D	300	60	9	5	384	3
E022	REALIDADE AUMENTADA (AR), REALIDADE VIRTUAL (VR) Y REALIDADE HÍBRIDA (MR) EN ENTORNOS 4.0.	100	20	9	5	144	3
E023	PROGRAMACIÓN REALIDADE VIRTUAL E REALIDADE AUMENTADA APLICABLES EN ENTORNOS 5G	150	30	9	5	204	3



E024	DESENVOLVEMENTO DE SOFTWARE ESPECIALIZADO EN SERVICIOS DE USUARIO E CLIENTE	160	32	9	5	216	3
E025	PHOTOSHOP E PRODUCCIÓN DIGITAL CS6	210	42	9	5	276	3
E026	DESEÑO GRÁFICO VECTORIAL CON ADOBE ILLUSTRATOR (AVANZADO)	120	24	9	5	168	3
E027	FERRAMENTAS DE VÍDEO E ANIMACIÓN CON PHOTOSHOP Y AFTER EFFECTS	120	24	9	5	168	3
E028	RETOQUE FOTOGRÁFICO	100	20	9	5	144	3
E029	EDICIÓN DE VÍDEO CON AFTER EFFECTS (BÁSICO)	150	30	9	5	204	3
E030	EDICIÓN DE VÍDEO CON AFTER EFFECTS (MEDIO)	100	20	9	5	144	3
E031	EDICIÓN DE VÍDEOS CON AFTER EFFECTS (AVANZADO)	100	20	9	5	144	3
E032	PROXECTOS DE MOTION GRAPHICS CON AFTER EFFECTS: NIVEL BÁSICO	100	20	9	5	144	3
E033	ANIMACIÓN DE MOTION GRAPHICS CON AFTER EFFECTS	120	24	9	5	168	3
E034	EDICIÓN DE VÍDEO CON ADOBE PREMIERE (NIVEL MEDIO)	100	20	9	5	144	3
E035	TÉCNICAS AVANZADAS DE EDICIÓN CON ADOBE PREMIERE	120	24	9	5	168	3
E036	DESEÑO EDITORIAL CON ADOBE INDESIGN	200	40	9	5	264	3
E037	MAQUETACIÓN DIXITAL CON ADOBE INDESIGN	125	25	9	5	174	3
E038	EXPERTO EN VIRTUALIZACIÓN CON VMWARE E MICROSOFT	170	34	9	5	228	3
E039	VISIÓN ARTIFICIAL E A SÚA APLICACIÓN NA INDUSTRIA 4.0	150	30	9	5	204	3
E040	CONTABILIDADE XERAL, CONTAPLUS E FISCALIDADE	120	24	9	5	168	3
E041	CONTABILIDADE XERAL, CONTAPLUS E FISCALIDADE (2ª edición)	120	24	9	5	168	3
E042	OPERACIÓNS DE ALBANERÍA E MANTEMENTO DE EDIFICIOS	206	41	9	5	271	1
E043	OPERACIÓNS DE RESTAURANTE E BAR	300	60	9	5	384	1
E044	OPERACIÓNS DE RESTAURANTE E BAR (2ª edición)	300	60	9	5	384	1



	edición)						1
E045	ACTIVIDADES BÁSICAS DE LOXÍSTICA DE ALMACÉN	125	25	9	5	174	1
E046	ACTIVIDADES BÁSICAS DE LOXÍSTICA DE ALMACÉN (2ª edición)	125	25	9	5	174	1
E047	OPERATIVA DE CAIXA-TERMINAL PUNTO DE VENDA	90	20	9	5	134	1
E048	OPERATIVA DE CAIXA-TERMINAL PUNTO DE VENDA (2ª edición)	90	20	9	5	134	1
E049	OPERACIÓNS AUXILIARES DE CARNIZARÍA E CHACINARÍA	185	37	9	5	246	1
E050	OPERACIÓNS AUXILIARES DE CARNIZARÍA E CHACINARÍA (2ª edición)	185	37	9	5	246	1
E051	MANTEMENTO MUNICIPAL: XARDINARÍA, PINTURA Y ALBANELARÍA	260	52	9	5	336	1
E052	MANTEMENTO MUNICIPAL: XARDINARÍA, PINTURA Y ALBANELARÍA (2ª edición)	260	52	9	5	336	1
E053	PROCEDEMENTOS BÁSICOS EN SERVIZOS DE XARDINARÍA	125	25	9	5	174	1
E054	PROCEDEMENTOS BÁSICOS EN SERVIZOS DE XARDINARÍA (2ª edición)	125	25	9	5	174	1
E055	INTERVENCIÓN DO EMPREGO DOMÉSTICO NO COIDADADO DE PERSOAS MAIORES	100	20	9	5	144	1
E056	INTERVENCIÓN DO EMPREGO DOMÉSTICO NO COIDADADO DE PERSOAS MAIORES (2ª edición)	100	20	9	5	144	1
E057	HIXIENE E ATENCIÓN SANITARIA DOMICILIARIA	170	34	9	5	228	1
E058	HIXIENE E ATENCIÓN SANITARIA DOMICILIARIA (2ª edición)	170	34	9	5	228	1



	edición)						1
E059	OPERACIÓN DE ALBANELARÍA E MANTEMENTO DE EDIFICIOS (2ª edición)	206	41	9	5	271	1
E060	FERRAMENTAS AVANZADAS DE ADOBE ILLUSTRATOR	120	24	9	5	168	3

As persoas participantes nos itinerarios de inserción laboral arriba citadas, recibirán formación específica da especialidade, formación transversal e complementaria, titoría, orientación e prácticas profesionais non laborais titorizadas.

A persoa participante nos itinerarios estará cuberta cunha póliza de accidentes e outra de responsabilidade civil durante todo o tempo que dure o citado itinerario. Por outro lado, terá asignado un titor/a de empregabilidade que o acompañará durante o seu itinerario formativo co obxecto de mellorar a súa empregabilidade e acadar a súa inserción.

Unha vez finalizado o itinerario a persoa participante recibirá o certificado correspondente no que constarán as horas, duración e contidos teórico-prácticos do itinerario; sempre que asista ao 75% e supere as avaliacións docentes

Terceira. Requisitos de acceso aos itinerarios formativos.

Requisitos xerais:

Para poder participar nos itinerarios formativos, as persoas solicitantes deberán pertencer a algún dos seguintes colectivos:

- Persoas desempregadas de longa duración (máis de doce meses como demandante de emprego)
- Persoas maiores de 45 anos, en particular mulleres.
- Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%
- Nacionais de terceiros países
- Participantes de orixe estranxeira
- Participantes pertencentes a minorías
- Outras persoas en situación socioeconómica de vulnerabilidade, incluídas aquelas que se atopan en situación de ou risco de pobreza, exclusión social ou discriminación nas súas múltiples facetas, acreditada por un informe dos servizos sociais.

Tendo en conta que o número de participantes por itinerario será de 16 persoas. A oferta de prazas de cada itinerario será do 81,25% para mulleres (13 prazas de 16). Ademais, como mínimo o 81,25% do total as persoas participantes serán persoas paradas de longa duración. Para iso, de partida, a oferta de prazas de cada itinerario será do 81,25% para persoas paradas de longa duración (13 prazas de 16). O cumprimento desta porcentaxe non reducirá a porcentaxe de mulleres, polo que deberán compatibilizarse ambos os criterios.



Requisitos específicos de formación:

- Nivel 1: Non é necesario contar con titulación ou experiencia previa.
- Nivel 2. Requírese título da ESO ou equivalente.
- Nivel 3. Requírese título de bacharelato ou FP Superior ou equivalente.

Con respecto ao acceso aos distintos niveis estarase ao disposto no Real Decreto 659/2023, de 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema Profesional, artigo 75.

O proxecto Minerva desenvolverá 12 dos 60 itinerarios (o 20% do total) no ámbito rural de Santiago de Compostela, concretamente no Centro de Formación Ocupacional de Sanxúas de Aríns. Realizaranse os seguintes itinerarios de inserción, que se destinarán preferentemente ás persoas residentes nas áreas rurais de Santiago de Compostela:

- PROCEDIMENTOS BÁSICOS EN SERVIZOS DE XARDINARÍA
- PROCEDIMENTOS BÁSICOS EN SERVIZOS DE XARDINARÍA (2ª ed.)
- MANTEMENTO MUNICIPAL: XARDINARÍA, PINTURA E ALBANELARÍA
- MANTEMENTO MUNICIPAL: XARDINARÍA, PINTURA E ALBANELARÍA (2ª ed.)
- OPERACIÓNS DE ALBANELARÍA E MANTEMENTO DE EDIFICIOS
- OPERACIÓNS DE ALBANELARÍA E MANTEMENTO DE EDIFICIOS (2ª ed.)
- OPERACIÓNS DE RESTAURANTE E BAR
- OPERACIÓNS DE RESTAURANTE E BAR (2ª ed.)
- ACTIVIDADES BÁSICAS DE LOXÍSTICA DE ALMACÉN
- ACTIVIDADES BÁSICAS DE LOXÍSTICA DE ALMACÉN (2ª ed.)
- CREACIÓN, PROGRAMACIÓN E DESEÑO DE PÁXINAS WEB CON HTML5 E CSS3
- CREACIÓN, PROGRAMACIÓN E DESEÑO DE PÁXINAS WEB CON HTML5 E CSS3 (2ª ed.)

Nestes itinerarios (ademais de cumprir coas porcentaxes de participantes mulleres e parados/as de longa duración) terán preferencia as persoas participantes que residan nas zonas rurais.

Cuarta. Solicitudes

O procedemento para participar no proxecto MINERVA iníciase previa solicitude da persoa interesada, conforme o modelo establecido no Anexo I, cun formulario que estará dispoñible na web do programa.

O prazo para presentar solicitudes estará permanentemente aberto até tres meses antes da finalización do proxecto EFESO MINERVA. Sen embargo, establécese que, para que unha solicitude sexa aceptada, o itinerario formativo ao que se desexa acceder non teña



comezado ou que teña previstas máis edicións do mesmo durante o período restante de execución do proxecto.

Deste xeito, as persoas interesadas poderán inscribirse nos itinerarios de formación sempre e cando haxa prazas dispoñibles e as edicións do curso non finalizaran. No caso de que o itinerario xa comezara ou non haxa previstas máis edicións antes da finalización do proxecto, non se poderá formalizar a inscrición.

Este prazo flexible garante que as persoas interesadas teñan a posibilidade de acceder aos itinerarios durante todo o período de execución do proxecto, sempre que se cumpran os requisitos de acceso e as condicións mencionadas.

Quinta Documentación a presentar

Xunto coa correspondente solicitude, as persoas solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou NIE no caso de ser estranxeiro/a
- Fotocopia da tarxeta demandante de emprego
- Informe de vida laboral actualizado
- Declaración xurada de non ter participado en accións formativas financiadas polo Fondo Social Europeo Plus.
- Acreditación, no seu caso, do grado de minusvalía.
- Certificado dos períodos de inscrición como demandante de emprego expedido polo Servizo Público de Emprego
- Copia da certificación académica requirida para o itinerario
- Xustificación económica para optar a bolsa (se corresponde):
 1. Certificado Integrado de prestacións sociais públicas, expedido polo Instituto Nacional da Seguridade Social
 2. Declaración responsable da persoa participante de non percibir rendas ou ingresos mensuais iguais ou superiores ao 75% do IPREM vixente.

Sexta Órgano de instrución e selección.

A selección de persoas participantes será realizada pola Comisión de Valoración, que se nomeará a tal efecto, quedando autorizada para resolver cantas dúbidas xurdan no proceso selectivo e tomar os acordos necesarios para a tramitación.

Sétima: Procedemento de selección

As solicitudes que cumpran cos requisitos de acceso, serán avaliadas de acordo aos seguintes criterios:



- Adecuación da formación do itinerario ao perfil da persoa solicitante: en función da experiencia laboral e formación previa aplicándose modelos bio-psico-sociais que determinarán a conveniencia ou non da participación nos itinerarios.
- Pertenza aos colectivos obxectivo: prioridade aos colectivos máis vulnerables (mulleres, parados/as de longa duración..)

Dado que o prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto até tres meses antes da finalización do proxecto EFESO MINERVA, e sempre que o itinerario formativo solicitado no comezara ou teña previstas máis edicións, as solicitudes serán avaliadas de maneira continua pola Comisión de Valoración.

A selección das persoas participantes realizarase de forma periódica, en función da dispoñibilidade de prazas e a programación dos itinerarios. Unha vez avaliada cada solicitude e comprobado o cumprimento de todos os requisitos que figuren nas bases, as persoas candidatas serán notificadas por correo electrónico ou por teléfono. As listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas publicaranse na web do programa, concedéndose un prazo de tres días hábiles para a presentación de reclamacións e emendas. Transcorridos eses prazos publicaranse as listaxes definitivas de persoas seleccionadas e suplentes.

A selección farase de acordo cos principios de igualdade de oportunidades, obxectividade, publicidade, transparencia e non discriminación, debendo dar preferencia ás persoas desempregadas que non participaran en acción formativas financiadas polo Fondo Social Europeo Plus e seguindo os criterios de puntuación do Anexo II.

Este sistema de selección flexible garante a máxima accesibilidade e permite que o maior número posible de persoas poidan beneficiarse da formación ofrecida ao longo de toda a execución do proxecto.

Oitava. Compromiso das persoas beneficiarias.

A participación nestes itinerarios formativos supón por parte das persoas participantes a adquisición dos seguintes compromisos:

1. Cumprir co disposto nas presentes bases
2. Cumprir co horario que resulte fixado e asistir con aproveitamento tanto dos contidos teóricos como prácticos a todas as sesións do itinerario formativo. Non se admitirá ningunha falta de asistencia non xustificada.
3. Realización e superación das distintas avaliacións que os docentes estimen precisas para a obtención do certificado correspondente
4. Participar nas accións de orientación, formación, promoción, avaliación e seguimento no proxecto.
5. Aportar os xustificantes no caso de ausencia xustificadas, dentro dos tres días seguintes a falta de asistencia.

Novena. Axuda económica pola asistencia.



As persoas participantes nos itinerarios formativos poderán recibir unha axuda económica por asistencia por un importe de 13,45€ por persoa e día de asistencia. Sempre que:

- Asistan un mínimo de 5 horas/día.
- No momento do inicio do itinerario as súas rendas ou ingresos, de calquera natureza, en cómputo mensual non sexan iguais ou superen 75% do Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM) vixente. Deixar de percibir esas rendas durante o itinerario non devindicará o dereito a percibir a bolsa polo tempo restante.
- Asistan ao 75% de horas de duración do itinerario (incluída: formación, titoría e prácticas)
- Finalicen o itinerario formativo e superen as probas de avaliación, o que se xustificará coa obtención do correspondente certificado de apto.

As bolsas devindicarase por día asistido (no importe mensual practícanse as deducións correspondentes á parte proporcional correspondente aos días de ausencia) e pagarase ao finalizar o itinerario, tras a preceptiva comprobación de que se cumpran todos os requisitos.

A concesión das bolsas non suporá vinculación laboral nin compromiso de vinculación laboral entre a persoa perceptora da mesma e o Concello de Santiago. A cantidade que se pague, en ningún caso terá a consideración de salario se non de axuda económica para a formación.

Décima. Protección de datos persoais

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais, a legalidade do tratamento do datos baséase no cumprimento dunha misión en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. Os datos persoais facilitados polos/as interesados/as na solicitude (Anexo I) incorporaranse a un ficheiro propiedade do Concello de Santiago de Compostela, coa finalidade de xestionar os programas, plans e proxectos de emprego así como os seus datos poderanse ceder a outros Organismos da Administración Pública e Fondos Europeos competentes na concesión e control de subvencións orientadas ao fomento do emprego. O Concello de Santiago de Compostela é quen ostenta a condición de responsable do tratamento. Os datos serán conservados durante o tempo previsto legalmente.

O/a solicitante garantirá que os datos achegados son verdadeiros, exactos, completos e actualizados, sendo responsable de calquera dano ou prexuízo, directo ou indirecto, que puidese ocasionarse como consecuencia do incumprimento de tal obrigaición.

Os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade de datos e de limitación do tratamento destes datos pode exercitarse mediante solicitude dirixida ao Concello de Santiago de Compostela e que deberá presentarse a través da sede electrónica do Concello ou



ben a través de calquera das oficinas de asistencia en materia de rexistro, cuxas sedes poden ser consultadas na páxina de inicio da sede electrónica.

Undécima. Difusión das bases

Estas bases estarán dispoñibles e difundiranse a través das seguintes canles:

- Taboleiro de anuncios do Concello de Santiago de Compostela. Páxina web do programa onde se poderá consultar tanto a convocatoria como o formulario de inscrición e os documentos precisos para a solicitude.
- Redes sociais da web da Axencia Local de Colocación do Concello de Santiago de Compostela.
- Oficinas de emprego e servizos sociais do Concello de Santiago de Compostela que informarán aos colectivos vulnerables sobre a dispoñibilidade dos itinerarios.
- Correo electrónico ás entidades e asociacións relacionadas co emprego e inserción laboral de colectivos vulnerables da cidade de Santiago de Compostela.

Este sistema de difusión ten como obxectivo garantir que a información chegue ao maior número posible de persoas interesadas, especialmente aqueles colectivos que máis se beneficiarán da formación ofrecida no proxecto EFESO MINERVA.

Duodécima. Disposicións finais:

Estas bases encóntranse suxeitas á lexislación vixente e serán de aplicación até que se complete o proceso de execución do proxecto EFESO MINERVA. Para calquera consulta ou aclaración, os interesados poden dirixirse ao Departamento de Emprego do Concello de Santiago de Compostela (981543060) e ao correo axencialocaldecolocacion@santiagodecompostela.gal

Decimoterceira. Anexo I

Anexo I. Solicitude

Decimocuarta. Anexo II BAREMO DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS

Cumpridos os requisitos establecidos na base terceira, con carácter xeral, aplicaranse os seguintes criterios de selección:

1. Adecuación da formación do itinerario ao perfil da persoa solicitante (1 punto)
2. Pertencer a zonas prioritarias do itinerario (1 puntos)
3. Muller (1 punto)
4. Parado/a de longa duración (1 punto)
5. Pertencer a outros colectivos vulnerables recollidos na base terceira (0,5 puntos)
6. Non ter participado en accións formativas financiadas polo Fondo Social Europeo Plus (0,5 punto).



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



Puntuación máxima por baremo: 5 puntos.

A igualdade de puntuación darase prioridade a persoas candidatas que sexan mulleres, paradas de longa duración, con ingresos de calquera natureza que no cómputo mensual non sexan igual ou superiores ao 75% do IPEM vixente en cada anualidade e que o seu perfil, ben por formación ou experiencia, sexa o máis adecuado para o itinerario respectivo.